

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE XUÑO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catro de xuño de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas cincuenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 30 de maio de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Ganadería Doporto y Díaz S.C.

ANTECEDENTES

1. Dona María del Carmen Doporto Díaz, na representación da sociedade GANADERÍA DOPORTO Y DÍAZ S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rubiás, parroquia

- de Negrelos, solicitou con data 17 de abril de 2024 (RE-E núm. 207) licenza municipal de obras para FOSA DE XURRO CUBERTA, con emprazamento no lugar de Rubiás, parroquia de Negrelos.
2. A citada sociedade foi constituída en documento privado estendido en data 15 de xullo de 1998 e está integrada por Don José Manuel Doporto Rey (DNI núm. ██████████), Dona Carmen Díaz Cangado (DNI NÚM. ██████████) e Dona María del Carmen Doporto Díaz (DNI núm. ██████████). Non consta a súa elevación a documento público.
 3. Achégase proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ██████, do 09/07/24), e anexo de data 06/03/25, redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Cristina Fraga Sanjurjo.
 4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
 5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A fosa de xurro proxectada sitúase en terreos clasificados como “*solo rústico de protección agropecuaria*” polo PXOM en vigor.
4. Proxéctase a construción dunha fosa de xurro para dar servizo a unha explotación de vacún de leite da sociedade promotora. A

- explotación existente sitúase nunha parcela próxima ao emprazamento da fosa proxectada.
5. As instalacións proxectadas consisten na construción dunha fosa de planta circular para almacenar o xurro procedente da explotación de vacún, dado que a actual instalación non conta coa capacidade suficiente para a conservación e maduración do xurro xerado.
 6. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de VINTE E TRES MIL SETECENTOS CORENTA E CATRO EUROS (23.744,00 €).
 7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da ganaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	██
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Refº catastral da parcela	36047A058001570000PG
Superficie da parcela	10.039 m ²
Uso autorizado	Fosa de xurro para servizo de explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	84,95 m ²

10. A actividade obxecto da licenza non foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao non acadar a capacidade establecida no anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), segundo o

informe emitido pola técnica municipal de medio ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge con data 3 de xuño de 2025.

11. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).
12. Figura no expediente escrito emitido, con data 21 de agosto de 2024, polo Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, polo que informa da non necesidade da emisión do informe solicitado.
13. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
14. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
15. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
16. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANADERÍA DOPORTO Y DÍAZ S.C. licenza municipal de obras para FOSA DE XURRO CUBERTA, con emprazamento no lugar de Rubiás, parroquia de Negrelos, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico e de execución (visado colexial núm. ■■■, do 09/07/24), e anexo de data 06/03/25, redactados pola enxeñeira técnica agrícola Dona Cristina Fraga Sanjurjo, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) Co certificado final de obra achegarse certificado de estanquidade e impermeabilidade da fosa séptica, asinado pola técnica directora das obras e visado polo correspondente colexio profesional.
- e) A utilización do xurro como fertilizante agrícola respectará as distancias mínimas e as cantidades máximas permitidas por Ha. segundo o RD 47/2022, do 18 de xaneiro, de protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, e o Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de CATROCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (474,88 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CENTO DEZAOITO EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (118,72 €).

3.- SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA CONTRATADA AO ABEIRO DA LIÑA 3 DO PLAN MÁIS PROVINCIA 2025

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 13 de marzo do corrente, autorizouse a contratación laboral temporal de Dona Belén Fernández González, con DNI núm. [REDACTED], para o posto de traballo de técnica en educación infantil, subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2025.

Dita traballadora atópase dende o día 21 de maio de 2025 en situación de suspensión do contrato de traballo ao serlle recoñecido pola Mutua ASEPEYO o dereito a percibir o subsidio por situación de risco durante o embarazo, de conformidade co previsto nos artigos 186 e 187 da Lei Xeral da Seguridade Social.

Para a substitución da traballadora o Concello efectuou oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (RS núm. 440, do 29/05/25). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello unha única candidata, Soraya López Taboada (oferta núm. [REDACTED]). Dita traballadora presentou a documentación requirida en data 02/06/25 (RE núm. 841).

O Tribunal cualificador, reunido en data 03/06/25, efectuou proposta de contratación a favor da única candidata presentada ao proceso selectivo.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como técnica de educación infantil, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SORAYA LÓPEZ TABOADA, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (25 horas/semana), en substitución da traballadora Belén Fernández González.

Segundo.- O período de contratación será polo tempo que dure a suspensión do contrato de traballo pola situación de risco durante o embarazo, así como polo posterior permiso por maternidade e, en todo caso, a data límite do contrato será o día 31 de decembro de 2025.

Terceiro.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María del Rocío Morais Vila, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de enfermidade común, con data 3 de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urgente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urgente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política

Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. [REDACTED] a tempo completo (37,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora María del Rocío Morais Vila.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA VERÁN 2025” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia verán 2025*”, que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de verán. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría

Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexeráse polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o día 23 de xuño ata o día 5 de setembro (ambos incluídos), de luns a venres, agás días festivos. As datas de comezo e final da actividade correspóndese exactamente co inicio e final do período non lectivo de verán.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive, e empadroados/as no Concello.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 08:30 a 14:30 horas nunha aula do Centro Público Integrado (CPI) de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello, xa sexa electronicamente ou presencialmente. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando especificamente as datas nas que solicita acudir á actividade. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade establécese entre os días 5 e 19 de xuño de 2025 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres poderanse inscribir menores ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 45 prazas por día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con persoas con discapacidade, persoas en risco de exclusión social e unidades familiares nas que existan outras responsabilidades relacionadas cos coidados. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda, e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenadas de menor a maior renda.
- ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos/as.

6.- DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS

A/

VISTA a instancia presentada pola sociedade VILARIÑO ESP S.L.U., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 323, do

10/06/24), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante aval da entidade aseguradora ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido con data 22/09/22 (registro núm. ██████████), por importe de QUINCE MIL TRESCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS (15.376,17 €), en concepto de garantía definitiva da obra de *“Humanización e mellora peonil da rúa Aviador Gumersindo Areán”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

B/

VISTA a instancia presentada pola sociedade NATURE INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS S.L., co CIF núm. ██████████ e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 275, do 23/04/25), pola que solicita a devolución da fianza constituída a favor deste Concello mediante aval da entidade aseguradora ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido con data 17/10/23 (registro núm. ██████████), por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS CORENTA EUROS (6.540,00 €), en concepto de garantía definitiva da obra de *“Cambio de cuberta e instalación solar fotovoltaica para autoconsumo no polideportivo do Concello de Rodeiro”*, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

7.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 20/05/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo alcalde, con data 02/06/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na planificación e desenvolvemento do programa de conciliación *“Concilia Verán Rodeiro 2025”*, entre os días 23 de xuño e 5 de setembro do corrente, ambos inclusive, á sociedade ARCA DE NOÉ 1923 S.R.L., con CIF

núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lugo, ao prezo de CATORCE MIL NOVECIENTOS EUROS (14.900,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 231/226 do presuposto en vigor.

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 11.028,65 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de abril de 2025, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 6.053,74 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de abril de 2025, s/recibos.
- AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA 5.157,65 €, 1.791,75 €, 157,23 € E 126,82 €
Por reintegros e xuros de subvención da Consellería de Política Social e Igualdade (expediente núm. [REDACTED]), s/liquidacións.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 56,92 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de abril de 2025, s/factura núm. 25ZNX0124014 (FACe).
- GEMAGAR GALICIA S.L. 2.495,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia en período lectivo 2025*” no mes de maio de 2025, s/factura núm. 0025/0000016 (FACe).
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 2.511,96 €
Por reparación de punto de alumeadado no lugar de Rodeiro danado por sinistro, s/factura núm. 31/25.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)